

L'ATALANTE

Jean Vigo, 1934

578

PASES ÚNICOS EN NUMAX: 13 e 21 de agosto | V.O.S.E.

L'Atalante (1934, 92')

Dirección: Jean Vigo

Guión: Jean Vigo, Albert Riéra, Jean Guinée

Elenco: Jean Dasté, Dita Parlo, Michel Simon, Gilles Margaritis, Louis Lefebvre, Maurice Gilles, Raphaël Diligen

Son: Lucien Baujard, Marcel Royné, Alessandro Biancani

Dirección de arte: Francis Jourdain

Montaxe: Louis Chavance

Música: Maurice Jaubert

Fotografía: Boris Kaufman, Louis Berger

Produtora: Jean-Louis Nunez (Francia)

Distribuidora: Avalon

Formato de proxección: DCP2K, 1.37:1

Idioma orixinal: Francés

PREMIOS E FESTIVAIS

Sight&Sound (12º Mellor filme da historia), Village Voice Film Poll (7º Mellor filme do século XX)

FILMOGRAFÍA

L'Atalante, 1934

Cero en conducta, 1933 [mediametraxe]

Tarís, rey del agua, 1931 [curtametraxe]

A propósito de Niza, 1930 [curtametraxe]

SINOPSE

Jean e Juliette contraen matrimonio e emprenden a súa viaxe de vodas a bordo de *L'Atalante*, unha barcaza da cal Jean é capitán. Xunto co mariñeiro Père Jules e un mozo cabinero, a parella navega polas canles próximas ao Sena. A longa viaxe resulta aburrida para Juliette, que ansía coñecer a Cidade da luz. Jean cumpre entón o desexo da súa moza muller e lévaa a París.

«Obra mestra. Un dos maiores logros da historia do cinema. A sensualidade da obra de Vigo ten aura e potencia»

Jonathan Rosenbaum, CHICAGO READER

NOCTU RAMA



“Jean Vigo foi o único cineasta profesional de vangarda xunto a Godard“

Entrevista a François Truffaut

Por Eric Rohmer

Que idade tiñas cando viches por vez primeira *L'Atalante*? Probabelmente 16 ou 17 anos. Sorprendeume porque non tiña lido moito sobre cinema. Era unha sesión dobre con *Cero en conduta* (1933) e *L'Atalante*. Foi incríbel. Levaba cinco ou seis anos vendo filmes con asiduidade, nun principio cine francés durante a Ocupación, e máis tarde americano. Gustábame case todo e fiquei abraiado con *Ciudadano Kane* (1941) e os filmes de postguerra de Orson Welles. Pero en Vigo descubrín algo novo e incríbel que tivo grande impacto en min.

Cres que Vigo parte do movemento iniciado polos Irmáns Lumière? Non sabería responder ben a esa pregunta pero desde logo os dous procuran unha idea de realismo e loitan por acadar unha certa verdade. En termos de realismo carnal Vigo foi máis lonxe ca ninguén. O filme cumpre agora 35 anos e aínda non foi superado no seu retrato da realidade da carne, na súa realidade física.

Consideras esa unhas das principais virtudes de Vigo? Si, porque é case un segredo. Non sabemos como o facía, non se pode aprender ou imitar. Estiven ollando un programa de fitas

recuperadas dos Lumière xente montado en bicicleta ou indo de compras e é sorprendente porque parece como se algún segredo se perdese. O cinema, na súa crecente sofisticación semella ter perdido un contacto crucial coa realidade. Redescubrímola en filmes de certos directores como Antonioni ou en *L'Atalante*.

Por tanto trátase tamén dunha das virtudes esenciais do cinema? Si. No contexto do filme había un cinema comercial que era bastante feble, unha mestura inferior de literatura e teatro, especialmente coa chegada do sonoro. Había tamén unha vangarda que declinaba e se situaba fóra da esfera do cinema. Jean Vigo foi se cadra o único cineasta profesional de vangarda, ao igual que Jean-Luc Godard o é hoxe. Entre un e outro a idea da vangarda desaparecera completamente do cinema.

Por tanto Vigo e algúns cineastas contemporáneos teñen puntos de vista en común? Creo que si, Vigo debiera ter unha forte influencia no cinema pero non foi así, probabelmente debido á súa morte temperá e porque *Cero en conduta* foi prohibida durante 20 anos. Se tivese continuado a súa influencia tería sido enorme, como Renoir influenciou a Julien Duvivier e outros cineastas do seu tempo. Creo que Vigo non resucita até que en 1959 aparece a *Nouvelle Vague*. A verdadeira sucesora de *L'Atalante* é *À bout de souffle* (Jean-Luc Godard, 1960).

Falas dunha mestura de realidade e poesía que tamén atopas en Godard. Si,

e tamén a idea do cinema como un diario persoal.

***L'Atalante* foi comparada con *Amencer* (1927) de Murnau.** Si, pero en *Amencer* o director ten un control moi preciso sobre todo. A natureza recreouse en estudio namentres en *L'Atalante* temos a natureza, o Sena xeado, Vigo chegou a improvisar unha escena cuns desempregados. Improvisaba para axeitarse ás circunstancias.

Porén en Vigo atopo certas pegadas expresionistas, con xestos moi estilizados, pero tamén unha procura de realismo que me lembra a filmes como *Tabú* (1931), de Murnau. Certo, probabelmente porque Vigo tiña dúas facetas. Resulta interesante pensar que camiño tería tomado. Manteríase próximo ao realismo ou máis achegado a certo esteticismo? O seu estilo podería tender cara a unha certa refinación do estilo de *Senso* (Luchino Visconti, 1954) ou *La carroza de oro* (Jean Renoir, 1952) ou un rexistro máis cru ao xeito de *Toni* (Jean Renoir, 1934). Nunca o saberemos.

Recollida de youtube.com

O director


Jean Vigo (1905-1934) foi fillo dun anarquista español que morreu en prisión. A pesar de contar cunha obra moi breve, Vigo figura entre os autores máis radicais e anovadores do cinema, co satírico documental *À propos de Nice* (1929) e a chamada á rebelión dos nenos na irreverente *Cero en conduta* (1933). A súa obra mestra e única longametraxe, *L'Atalante*, situase no posto 12º da listaxe da revista *Sight&Sound* dos mellores filmes da historia.

ANA XA TEN O SEU ABONO

E ti, a que agardas para abonarte?

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.
#eusedenamax